



Estimadas familias!

O equipo de benestar e convivencia do CEIP Abelendo, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades de Formación Profesional, quere levar a cabo, como actividade para a educación na convivencia, a creación dun espazo coa imaxe, nome e a data de aniversario do alumnado coa finalidade de que os/as compañeiros/as poidan consultalo e felicitar deixar mensaxes de felicitación.

Trataríase dun panel situado nunha parede do interior do centro.

De acordo co anterior, os datos persoais relativos á imaxe do alumnado, o nome e a súa data de aniversario serán tratados conforme as seguintes condicións.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e <u>Formación</u> Profesional.
Finalidades do tratamento	Realización de actividades con finalidade educativa e orientadora.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público en base ao disposto na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicación de datos a terceiros alleos á comunidade educativa, segundo o indicado anteriormente.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos . Tamén poderán opoñerse ao referido tratamento de datos persoais dirixíndose por escrito ao propio centro educativo. No caso de menores que teñan 14 anos cumpridos, poderán exercer estes dereitos por eles mesmos.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Moaña, a 7 de maio de 2024